



Máis fogares e negocios do municipio pontevedrés do Grove, conectados a internet de ata 500 megas simétricos con R

- **Arredor de 140 residencias particulares e empresas do núcleo de Pardiños, no Grove, quedaron conectadas ás redes de nova xeración de R, e no mes de xullo uníranse a elas 340 máis**
- **O despregamento destas redes está subvencionado polos Fondos FEDER da Unión Europea a través do Programa de Extensión de la Banda Ancha de Nueva Generación (PEBA-Plan Avanza) do Ministerio de Economía e Empresa**

Mércores, 10 de xuño de 2020.- O núcleo de Pardiños, no municipio pontevedrés do Grove, xa dispón de accesos ultrarrápidos a internet de ata 500 megas simétricos e pode desfrutar doutros servizos avanzados de telecomunicacións grazas ás redes de nova xeración de **R**.

O operador galego vén de rematar as tarefas de despregamento da rede de fibra óptica nesta zona, aproveitando ao máximo as infraestruturas do lugar grovense. Así, arredor de **140 novos fogares e negocios do Grove** veñen de quedar preparados para recibir os servizos avanzados de teléfono, internet de ata 500 megas simétricos e televisión dixital multicanle de **R**. A esta cantidade sumaráselle outros **340 inmobles proximamente**, co que a peche de ano falaremos xa de **480 residencias particulares e empresas** conectadas a estas redes avanzadas.

O operador galego leva anos investindo no despregamento de rede no Grove, onde a día de hoxe xa dispoñen da cobertura das redes de nova xeración de **R** un total de **3.943** fogares e empresas deste municipio da provincia de Pontevedra.

10 millóns de investimento e fondos europeos

Este e outros despregamentos na provincia de Pontevedra forman parte dun dos **tres proxectos do Plan PEBA-Avanza** do Ministerio de Economía e Empresa dos que **R** resultou adjudicatario en 2018 para despregar, antes de 2021, a tecnoloxía FTTH en 512 núcleos de Galicia que non dispuxeran de alta velocidade ata o momento (“zonas brancas”).

No desenvolvemento dos tres plans investiranse un total de **10M€**, dos cales preto de **8M€** serán subvencionados polos fondos FEDER da Unión Europea. En concreto, o despregamento no Grove encádrase no proxecto destinado á extensión de redes de nova xeración en **162 núcleos do centro-oeste de Galicia** (norte de Pontevedra, sur da Coruña e oeste de Lugo). O investimento total neste caso é de 3,58M€, 2,86 deles subvencionados polos fondos FEDER da Unión Europea.

Un segundo proxecto fala igualmente do despregamento de banda ancha de nova xeración con tecnoloxía FTTH, desta volta en **154 núcleos de municipios do noroeste de Galicia** (A Coruña, norte de Pontevedra e oeste de Lugo). Para estas actuacións, cun investimento total de 2,6M€ destinarase unha axuda dos fondos FEDER de 2,09M€. O terceiro dos proxectos adxudicados desenvolverase en **196 núcleos doutros municipios do suroeste de Galicia** (Pontevedra). Os despregamentos nestas zonas suporán un investimento total de 3,75M€, cunha subvención dos fondos FEDER de máis de 3M€.

preto de 65.000 fogares e negocios conectados antes de 2021

Arredor de **32.000 novos fogares e negocios** de Galicia quedarán conectados ás redes de nova xeración de **R** cando rematen as actuacións adxudicadas en 2018 ao operador galego polo Ministerio de Economía e Empresa. A estes traballos hai que unirles as tarefas de extensión de redes avanzadas que **R** desenvolveu dende 2016 en virtude doutro concurso do Plan PEBA do Ministerio para igualmente achegarlles a tecnoloxía FTTH a diferentes “zonas brancas” da xeografía galega; en concreto, para conectar ás redes de nova xeración de **R** a outros **33.000 fogares e negocios**, cuxos servizos están xa en fase de comercialización. E así, ao remate dos dous plans, antes de 2021, preto de **65.000 novas residencias particulares e empresas** quedarán preparadas para recibir os servizos avanzados de **R**.

De feito, **R** xa ten levado co plan anterior as súas redes de nova xeración a núcleos das catro provincias galegas en Cuntis, Muros, Cerceda, Abegondo, Lourenzá, Barreiros, Pallas de Rei, Monterroso, Ribadumia, Meaño, Combarro, Pontecaldelas, Tomiño, Peñín, Camariñas, Curtis, Ortigueira, Porto do Son, Pobra de Trives, Cariño e Boqueixón.

Todas estas localidades poden desfrutar de accesos ultrarrápidos a internet de 500 megas simétricos con velocidade garantida, do desco 4k da televisión dixital de **R** e de pura alta definición co servizo *rebobina* para ver a tele como e cando se queira. Así mesmo, os clientes de **R** poden aforrar no seu plan de datos móbiles e conectarse de balde a arredor de 130.000 puntos da rede wificlientes **R** espallados pola xeografía galega. E todo isto cunha atención ao cliente próxima, de calidade e sempre dende Galicia.

comunicación R
prensa@mundo-r.net
R.gal



